

## ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL FERROL

*Edicto de publicación polo servizo de depuración de augas residuais e fixación do período de cobro*

### EDICTO

Por resolución do alcalde-presidente do Concello de Ferrol de data 20 de agosto de 2018 aprobáronse as liquidacións comprendidas nos padróns de contribuíntes, presentados pola empresa xestora EMAFESA, polo servizo de “Depuración de augas residuais”, que inclúen os recibos correspondentes aos períodos dende o 1 de xaneiro de 2015 ao 31 de marzo de 2017, segundo os conceptos e totais que se desagregan:

1.º.-Período dende 1 de xaneiro de 2015 a 30 de xuño de 2015:

CONCEPTO	TOTAL EUROS
Depuración augas residuais	1.286.685,57
IVE	128.683,37
TOTAL	1.415.368,94

2.º.-Período dende 1 de xullo de 2015 a 17 de setembro de 2015:

CONCEPTO	TOTAL EUROS
Depuración augas residuais	598.441,06
IVE	59.862,11
TOTAL	658.303,17

3.º.-Período dende 1 de xaneiro de 2015 a 17 de setembro de 2015 (padrón complementario):

CONCEPTO	TOTAL EUROS
Depuración augas residuais	-944,82
IVE	-94,49
TOTAL	-1.039,31

4.º.-Período dende 18 de setembro de 2015 a 31 de decembro de 2015:

CONCEPTO	TOTAL EUROS
Depuración augas residuais	654.927,08
IVE	65.492,71
TOTAL	720.419,79

5.º.-Período dende 1 de xaneiro de 2016 a 30 de xuño de 2016:

CONCEPTO	TOTAL EUROS
Depuración augas residuais	1.223.091,70
IVE	122.309,17
TOTAL	1.345.400,87

6.º.-Período dende 1 de xullo de 2016 a 31 de decembro de 2016:

CONCEPTO	TOTAL EUROS
Depuración augas residuais	1.231.123,75
IVE	123.112,38
TOTAL	1.354.236,13

7.º.-Período dende 1 de xaneiro de 2017 a 31 de marzo de 2017:

CONCEPTO	TOTAL EUROS
Depuración augas residuais	609.282,00
IVE	60.928,20
TOTAL	670.210,20

Así mesmo, aprobouse o calendario fiscal de cobro en período voluntario para os padróns aprobados na citada resolución, quedando o mesmo fixado dende o 1 de xuño ao 31 de agosto de 2019, sen prexuízo de que no seu momento se aprobe, si se estimase oportuno, un fraccionamento para non facer tan gravoso o cobro das cantidades acumuladas.

Por medio do presente edicto expónse ó público, polo prazo de 15 días hábiles, dende a correspondente publicación, os padróns de contribuíntes comprensivos das sinaladas liquidacións que servirá de notificación colectiva a tódolos contribuíntes nos termos establecidos no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O pago farase efectivo nas oficinas de EMAFESA, sitas en Praza da Ilustración número 5-6, en horario de 08.00 a 14.00 horas de luns a venres, ou a través de calquera oficina de Abanca.

Os contribuíntes que teñan domiciliado o pagamento nunha entidade financeira, os recibos seranlles cargados na conta por eles indicada.

As persoas que non reciban ou extravíen os recibos mencionados poderán solicitar un duplicado nas OFICINAS DE EMAFESA, sitas en Praza da Ilustración número 5-6, antes do remate do prazo indicado dado que a súa non recepción non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento. Así mesmo poderán interpoñer as reclamacións que estimen pertinentes ou solicitar canta información precisen en horario de 08.00 a 14.00 horas de luns a venres.

Transcorrido este prazo iníciase o período executivo e a débeda resultante esixírase polo procedemento de constrinximento, logo de devenga-lo recargo de prema, xuros de mora e, no seu caso, as custas que se produzan.

Contra o presente acordo de aprobación das liquidacións incorporadas ós padróns, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que dictou o acordo, segundo o disposto no artigo 14.2 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ó remate da exposición ó público. A interposición do recurso de reposición non suspenderá a eficacia das liquidacións correspondentes, agás que se solicite a suspensión e se presente garantía nos termos establecidos no apartado i) do precepto anteriormente mencionado. O recurso entenderase desestimado se non se resolve expresamente no prazo de un mes dende a súa interposición. Contra a desestimación do recurso de referencia poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses dende a notificación da resolución expresa ou no de seis meses dende que se produza a desestimación presunta, tal como establece o artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que se estime conveniente.

Ferrol, 27 de agosto de 2018.

O alcalde, Jorge Juan Suárez Fernández

2018/6535